



SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 14 DE MARZO DE 2016

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día catorce de marzo de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto. Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1108 de data 23 de xuño de 2015: don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona María Dolores Blanca García Fernández.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 7 de marzo de 2016

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 7 de marzo de 2016 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que a compoñen, aprobou o citado borrador.

2º.- Boletíns e correspondencia

- Anuncio do Concello de Cambre, respecto da publicación das bases XXIII Certame Literario de Poesía e Narración Breve, Cambre, 2016. (Boletín Oficial da Provincia número 48, do 11 de marzo de 2016).

- Extracto da Orde do 23 de febreiro de 2016, da Consellería de Política Social, pola que se establecen as bases que reñen as axudas enmarcadas no programa Iniciativa Xove e se procede á súa convocatoria. (Diario Oficial de Galicia número 47, do 9 de marzo de 2016).

- Resolución do 2 de marzo de 2016, da Axencia Galega das Industrias Culturais, pola que se aproban as bases de subvencións a festivais de artes escénicas e de música, e se convocan para o ano 2016. (Diario Oficial de Galicia número 46, de 8 de marzo de 2016).

- Anuncio do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes, da excma. Deputación provincial da Coruña, respecto da convocatoria de bolsas para deportistas da provincia para o ano 2016. (Boletín Oficial da Provincia número 44, do 7 de marzo de 2016).

- Resolución do 25 de febreiro de 2016, do Consello de Contas de Galicia, pola que se ordena a publicación do Acordo do 22 de febreiro de 2016, polo que se aproba a instrución relativa á remisión telemática dos extractos dos expedientes de contratación e das relacións anuais dos

contratos celebrados polas entidades do sector público local de Galicia. (Diario Oficial de Galicia número 45, do 7 de marzo de 2016).

3º.- Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 4 ao 10 de marzo do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 352/2016 e remata coa resolución da Alcaldía número 387/2016, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
352/2016	04/03/2016	Convocatoria Xunta Goberno Local 7 de marzo de 2016
353/2016	04/03/2016	Aprobar as facturas, recoñecer e liquidar cadansúas obrigas (A.SA e máis), por importe total de 28.253,55 euros
354/2016	04/03/2016	Aprobar as facturas, recoñecer as obrigas con reparos da Intervención (T.M. SA e máis) por importe total de 7.990,85 euros
355/2016	04/03/2016	Autorizar o goce do permiso de lactación restante. Solicitante: DMLB
356/2016	04/03/2016	Aprobar as facturas, recoñecer e liquidar cadansúas obrigas (PU e máis), por importe total de 42.478,14 euros
357/2016	04/03/2016	Aprobar o proxecto corrixido correspondente á obra "Instalación de céspede artificial e rega no campo de fútbol "Os Pinares" Brexo", elaborado pola enxeñeira de camiños, Dña. Elena María Urcola Telleira, cun orzamento de execución por contrata de 492.102,54 €, incluído no Plan de Acción Social, PAS 2015
358/2016	04/03/2016	Aprobar a ruta 118 á Espenuca (Coirós), do programa VENDE DE MARCHA 2016 "Galicia Histórica"
359/2016	07/03/2016	Recoñecemento de obrigas correspondentes a axudas de emerxencia social concedidas así como o seu pago por importe total de 241,45 euros
360/2016	07/03/2016	Personación no recurso contencioso interposto por dona AMSC contra o Concello de Cambre perante o Xulgado Contencioso nº 3 da Coruña por reclamación cumprimento da indemnización por invalidez permanente prevista no acordo regulador de funcionarios
361/2016	07/03/2016	Conceder a axuda vales alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MACD
362/2016	07/03/2016	Conceder a axuda vales alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MNI
363/2016	07/03/2016	Conceder a axuda vales alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do



		proxecto. Solicitante: ASN
364/2016	07/03/2016	Denegar a axuda alimentación, por non estar debidamente xustificada a situación de necesidade. Solicitante: CASC
365/2016	07/03/2016	Desistimento axuda aluguer e auga de DCS
366/2016	08/03/2016	Conceder unha segunda prorroga para finalizar a reforma e ampliación da vivenda sita en Fonte do Galo, parroquia de Brexo, con licenza de obra nº 01/35/12. Solicitante: TPV
367/2016	08/03/2016	Conceder a licenza de apertura para local social, sala de actividades culturais e recreativas e cafetería-restaurante no lugar de Frais, Cecebre, Cambre. Expedientes núm.: 03/02/10 e 02/03/10. Solicitante: SdelyRLJdeC
368/2016	08/03/2016	Segundo requirimento a AEE, S.A.U., para que presente a documentación esixida na Resolución da Alcaldía núm. 2180/2015, de data 11 de decembro de 2015.Procedemento de comprobación limitada PCL 9/2015
369/2016	08/03/2016	Aprobar a incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2016 número 2/2016 por un importe total de 717.256,18 euros
370/2016	08/03/2016	Convocatoria Xunta de Voceiros Extraordinaria 11/03/2016
371/2016	08/03/2016	Adxudicación, á empresa "Ártabra Comunicación, S.L.", no importe de 37.268,00 euros anuais, IVE incluído, do "Servizo de gabinete de comunicación para o Concello de Cambre".
372/2016	09/03/2016	Personación no procedemento abreviado 000045/2016 interposto por don RAM contra o Concello de Cambre perante o Xulgado Contencioso nº 1 da Coruña por reclamación cumprimento da indemnización por invalidez permanente prevista no acordo regulador de funcionarios
373/2016	09/03/2016	Aprobar o convenio urbanístico no ámbito colindante coa AC-12 no Seixal propiedade de don MGP, PRS e outros
374/2016	09/03/2016	Deixar sen efecto as Resolucions da Alcaldía nºs 1907/2015 do 28/10/15, e 2314/2015 do 23/12/15, referidas á incoación de expediente resolutorio aberto á empresa "Ingeniería Medioambiental de Galicia, S.L.", para resolver o contrato suscrito o día 23 de xullo de 2015 para a execución dos traballos consistentes na prestación do servizo de limpeza, roza e desherbado mecánico e/ou manual, das gabias de titularidade municipal no Concello de Cambre
375/2016	09/03/2016	Aprobar as liquidacións do prezo público por actividades culturais correspondente ás actividades de Encontro e Lecer 2015-2016, e que se corresponden con 168 liquidacións por un importe total de 7.804,59 euros
376/2016	09/03/2016	Conceder a axuda dous recibos aluguer por importe de 270 euros cada un deles sendo o importe total de 540 euros. Solicitante: MJBM
377/2016	09/03/2016	Expediente de execución subsidiaria de orde de demolición de peche situado en Graduill, Cambre, a JFB
378/2016	09/03/2016	Expediente de execución subsidiaria de orde de demolición de



		porche e muros en Carretera da Estación, Cambre a JPP
379/2016	09/03/2016	Conceder a prorroga para finalizar a construción da vivenda situada en Lendoiro, parroquia de Cecebre, con licenza de obra nº 01/23/13. Solicitante: JMSO
380/2016	09/03/2016	Conceder a prorroga para finalizar a construción da vivenda sita en Lendoiro, parroquia de Cecebre, con licenza de obra nº 01/24/13. Solicitante: RMSC
381/2016	09/03/2016	Autorizar a reconversión da reserva de espazo existente fronte ao num. 26 da rúa A Castellana, en dúas prazas de estacionamento para persoas con mobilidade reducida, solicitado por Mª JVS actuando na representación de JBM. Exp. 2015/V008/000008.
382/2016	09/03/2016	Aprobar a sinalización dunha praza de estacionamento para persoas con mobilidade reducida na rúa Curros Enríquez, 13A, O Temple, Cambre. Solicitante: JPZS
383/2016	10/03/2016	Conceder a axuda vales alimentos por importe de 600 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JMFD
384/2016	10/03/2016	Denegar a axuda aluguer dado que non se cumpre o establecido no artigo 2, no que se indica que poderán ser beneficiarios destas axudas as persoas, familias ou unidades de convivencia residentes e empadroados no municipio de Cambre. Solicitante: VRS
385/2016	10/03/2016	Autorizar a apertura da urna sinalada coa letra "D", do panteón perimetral nº 24, no cemiterio municipal de Cambre. Solicitante: JBV
386/2016	10/03/2016	Convocatoria da sesión extraordinaria da Comisión Informativa de Economía, Obras e Servizos, Urbanismo e Medio Ambiente
387/2016	10/03/2016	Segundo requirimento a EE S.A.U, para que presente a documentación esixida na Resolución da Alcaldía núm. 2133/2015, de data 3 de decembro de 2015

4º.- Informes doutros asuntos de área **Informes da alcaldía**

Don Óscar A. García Patiño dá conta dos seguintes asuntos:

- O luns recibiu ás entidades Coral de Cambre e Amas de Casa de Cambre acompañados polo técnico e os concelleiros de Cultura e de Desenvolvemento Socioeconómico.
- Recibiu á don Ramón López da estación de servizo Valcarce, que nos fixo unha oferta de 0,10 euros de desconto na repostaxe dos vehículos do Concello.
- O martes 8 de marzo, Día da Muller, tivo lugar no salón de plenos a lectura dun manifesto en defensa dos dereitos da muller por parte de Susana Seivane, acompañada por Consolación Paz,



a veciña máis lonxeva do municipio. A este acto foron convidados os funcionarios, a corporación e entidades veciñais.

- Recibiu a Pablo Couto, da Deputación da Coruña, para tratar varios temas, entre eles a senda ciclista metropolitana.
- Visitou a urbanización Arrigada para buscar solucións aos problemas de estacionamento de vehículos na zona. Estudou a posibilidade de conseguir o terreo para o acceso pola parte de arriba da casa Arrigada.
- Tivo lugar nesta alcaldía a sinatura do convenio urbanístico da N-VI.
- Recibiu a directivos do C.F. Brexo-Lema e a propietarios de dous terreos próximos ao campo de fútbol de Brexo para unha posible permuta.
- Visitou, co concelleiro de Urbanismo e Medio Ambiente, o IES David Buján onde o equipo directivo do centro realizou varias peticións.
- O venres realizou a entrega de trofeos do campionato de tute do Centro Recreativo e Instructivo de Brexo-Lema xunto co concelleiro de Cultura.
- O sábado tivo lugar a presentación do Club Ciclista de Cambre na finca O Cenador á que acudiu xunto coa concelleira de Deportes e Xuventude.
- O domingo entregou os premios do campionato de xadrez da fase comarcal no pavillón Sofía Toro xunto coa concelleira de Deportes e Xuventude e co alcalde do Concello de Sada.

Informes do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Don Juan A. González Leirós dá conta do seguinte asunto:

- O venres día 11, ás 12.30 horas asistiu a unha reunión no Concello da Coruña para tratar os seguintes temas respecto da área metropolitana.

1.- Constitución de mesas de traballo: Mesa de recuperación Ambiental e da biodiversidade da ría, Mesa para coordinación del planeamiento urbanístico, Mesa del plan integral metropolitano de transporte e mobilidade e Mesa de xestión de servizos dende un enfoque metropolitano. Neste apartado tamén se tratou a figura do equipo de coordinación da estratexia metropolitana para seguimento dos traballos.

2.- Desenvolvemento EDUSI. Acordouse realizar un EDUSI conxunto con Coruña, na súa segunda fase que teña como eixe central a ría do Burgo.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Tradicións Populares

Don Ramón Boga Moscoso dá conta dos seguintes asuntos:



- O día 9-03-2016: Charla informativa coa asociación de veciños, amas de casa e equipo de fútbol no local social do Souto.

- O día 10-03-2016: Charla-coloquio coa escritora Érica Esmorís na Casa da Cultura.

- Paula Carballeira nas bibliotecas:

- Central de Cambre, día 9 de marzo. 20 nenos e 19 adultos.

- Os Templarios, día 10 de marzo. 61 nenos e 50 adultos.

- Xabier P. Docampo, día 11 de marzo. 13 nenos e 9 adultos.

Informes da concelleira delegada da área de Deportes, Xuventude e Ocupación do Tempo Libre

Dona Elisa Pestonit Barreiros dá conta dos seguintes asuntos:

- O sábado 12 ás 12.00 horas tivo lugar na finca O Cenador a presentación dos equipos do Club Ciclista Cambre para esta tempada. Asisten O Sr. alcalde, concelleiros da Corporación, membros de Corporacións anteriores, o Presidente da Federación de Ciclismo de Galicia, O deputado provincial de Deportes, o xefe provincial de deportes da Xunta, e representantes das empresas patrocinadoras.

- O sábado 12 tivo lugar no pavillón Sofía Toro o campionato Sófbol cadete (xogade), organizado polo CBS Cambre.

- O domingo 13 tivo lugar no pavillón Sofía Toro a fase final Comarca das Mariñas de Xadrez. Asisten á entrega de trofeos o Sr. alcalde, o concelleiro de Cultura, a concelleira de Deportes e o Sr. alcalde de Sada.

- Danse por rematadas as actividades durante toda a semana na casa da Xuventude para conmemorar o Día da Muller. Como colofón o venres 12, dentro do programa xuvenil Por fin é Venres, tivo lugar a creación dun vídeo sobre os actos realizados polos rapaces.

Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Maria Dolores Blanca García Fernández dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 7 de marzo, ás 11:30 horas, reunión na alcaldía coa Asociación Coral e habaneiras de Santa M^a de Cambre co señor alcalde Oscar García Patiño, o concelleiro de Cultura e o Coordinador de Cultura, na que se trataron os problemas actuais da asociación.



-O día 7 de marzo, ás 12:30 horas mantivo unha reunión na alcaldía coa asociación Amas de casa de Cambre, o Sr. alcalde, o concelleiro de Cultura e o coordinador de Cultura Deportes e Educación para falar das festas e da asociación.

-O día 9 de marzo, no despacho da concellería Desenvolvemento Socioeconomico mantivo unha xuntanza coa presidenta da Torre de Andeiro, quen manifestou as súas queixas as cales serán estudadas co fin de darlles solución na medida das nosas posibilidades.

- O día 10 de marzo reunión co alcalde para falar da creación da nova Concellería de Movemento Asociativo.

-O día 11 de marzo, ás 12:00 horas foi invitada ao acto de presentación do Club Ciclista de Cambre no Cenador de Cambre xunto co alcalde, a concelleira de deportes Elisa Pestonit e demais representacións.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Oscar A. García Patiño

A secretaria
Maria Luisa de la Red Ampudia